



PLAN DIXITAL

CEIP RAMÓN DE LA SAGRA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

NOME: CEIP Ramón de la Sagra.

DIRECCIÓN: Ronda de Camilo José Cela, n.º 4, C.P. 15008, A Coruña,

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.ramon.sagra@edu.xunta.es

TELÉFONO: 981280880

PÁXINA WEB: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonsagra/>

ETAPAS EDUCATIVAS: Educación Infantil e Educación Primaria. Liña 2.

NÚMERO DE ALUMNADO: 422 alumnas e alumnos.

NÚMERO DE PROFESORADO: 30 mestras e mestres.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O C.E.I.P. “Ramón de la Sagra” está situado no Concello de A Coruña, preto do Barrio das Flores.

A maior parte da poboación dedícase ao sector terciario e traballa en pequenas e medianas empresas, moitas delas situadas nos polígonos industriais.

O Plan Dixital (PD) pretende ser unha extensión dos documentos do centro como o Proxecto Educativo do Centro. Ten como obxectivo dotar ao centros dun instrumento para favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais, tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe, como no resto de procesos de xestión do centro, sempre tendo como fin último a colaboración ao desenvolvemento integral do alumnado. Por outra banda, este Plan é fundamental para mellorar o desenvolvemento tecnolóxico da Comunidade Educativa.

Dentro do PD, terá unha especial relevancia o alumnado con NEAE, así como o resto da diversidade. Deste xeito, será indispensable ter en conta os diferentes medios e recursos tecnolóxicos seleccionados de maneira individual para cada un destes casos.

O Plan dixital pretende dotar ao centro de maior cantidade de medios de comunicación coas familias. Deste xeito, é fundamental que o Plan manteña unha estreita relación con diferentes programas nos que participa o centro como é o PLAMBE.

En relación cos obxectivos que marcarán este Plan, cobra unha grande importancia a mellora dos medios dixitais dos que dispón o centro nos diferentes espazos (aulas, biblioteca, aula TICs...).

É importante facer énfase na importancia da relación que terá con outros plans do centro, entre os que destacamos o Plan Lingüístico de Dinamización da Lingua Galega e co Plan de Atención á Diversidade.

A contribución do Plan Dixital á Xeral Anual do curso 22/23 ten lugar a través de diferentes vías:

- a) Redución da fenda dixital existente na Comunidade Educativa.
- b) Adquisición das ferramentas básicas para o emprego dos medios dixitais por parte do alumnado do centro.
- c) Dotación de medios e recursos para o profesorado e alumnado para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Aportación dos medios dixitais á consecución da adquisición dos elementos curriculares.

- ✓ Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

Instrucións para o ensino non presencial.

- ✓ Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

Instrucións para elaborar o plan dixital de centro.

- ✓ Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

As fases realizadas en canto a creación do Plan Dixital son:

1. Análise da situación de partida. Para levala a cabo, nun primeiro momento, elaboramos un cuestionario a través da aplicación SELFIE.
2. O cuestionario SELFIE foi realizado por tres grupos: profesorado, alumnado e equipo directivo.
3. Posteriormente, levouse a cabo unha análise dos resultados do SELFIE.
4. Elaboración dunha enquisa de Competencia Dixital por parte do profesorado do centro.
5. Análise dos resultados da enquisa de Competencia Dixital.
6. Elaboración dun informe DAFO baseado nos resultados do SELFIE e da enquisa de Competencia Dixital.
7. Elaboración do plan de acción que consta de varios obxectivos, considerados os máis asumibles e funcionais de cara ao curso 22/23.
8. Redacción do Plan Dixital de Centro.
9. Difusión do plan. Difundirase o plan empregando as ferramentas tecnolóxicas institucionais e cada membro encargárase de transmitilo por estes medios.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

2.1.1. Descrición xeral:

- a) Tipo de conexión: Fibra óptica.
- b) Ancho de banda; FTTH_100-300MB
- c) Conexión WIFI 9 puntos de acceso que cubre todo o centro.
- d) Nº de aulas,espazos e outras dependencias con conexión: Todas

2.1.2 Equipamento dispoñible.

2.1.2.1 Equipos

a) Equipos por tipo:

Equipos de sobremesa: 6 nas aulas, 1 na biblioteca, 3 nas aulas de PT e AL, 1 no DO, 1 en conserxería, 5 na sala de profesores e 13 na aula de informática.

Equipos portátiles: 12 nas aulas, 5 na biblioteca, 9 no carro de TICs, 24 portátiles para alumnado vulnerable e 1 portátil na aula de informática.

Tabletas: 4

b) Equipos por localización:

En aulas específicas de informática: 13 ordenadores de sobremesa e 1 portátil.

En aulas habituais de clase: 12 portátiles

En dependencias de administración e xestión do centro: 4

Noutras dependencias do centro (biblioteca, departamento, sala de profesorado...): 12

Sen localización definida: 24

c) Ordenadores por utilización preferente:

Tarefas administrativas: 4

Tarefas educativas e de docencia: 32

Non asignados a unha tarefa preferente: 24

2.1.3 Aulas específicas de informática:

Está previsto o seu traslado a outra dependencia do centro.

2.1.4 Outros equipos informáticos do centro

Nº de encerados interactivos: 12

Nº de proxectores: 19

Nº de escáner: 2

Nº de fotocopiadoras: 2

Nº de impresoras de rede (conectada a varios equipos) : 3

Nº de impresoras locais (conectadas a un único equipo) : 2

Nº de puntos de acceso wifi: 9

2.1.5 Servizos dixitais educativos.

As ferramentas tecnolóxicas institucionais que emprega o centro neste momento son a aula virtual por parte da maioría do profesorado do centro, a páxina web do centro, redes sociais do centro, supervisadas polo equipo TIC do centro, e Abalar móbil.

2.1.6 Xestión do mantemento do equipamento do centro.

A xestión do equipamento está contratada a través da empresa *COINGAL Sistemas de Información S.L.U.*

2.1.7 Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:

Plan de continxencia pola situación ocasionada pola Covid.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonsagra/?q=node/343>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

a) RESULTADOS CUESTIONARIO SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	2.4				
	Alumnado	3.7				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	3.9				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	3.5				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	2.3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4.2				

b) Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	27	39	69,2%
PROVISIONAL	6	6	100%
INTERINO	1	2	50%
SUBSTITUTO	4	7	57,1%
DESPRAZADO	0	0	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
PRI	65,3	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
INF	83,3	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	3	11,1%
A2	11	40,7%
B1	8	29,6%
B2	3	11,1%
C1	1	3,7%
C2	1	3,7%
TOTAL	27	99,90%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Disponse dunha infraestrutura e equipos básicos. 2. Contamos con asistencia técnica adecuada. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escasos recursos tecnolóxicos actualizados e dinámicos.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Dáse pé a un debate sobre o uso da tecnoloxía. 2. O centro conta cunha ampla variedade de recursos en liña que son compartidos polos membros do equipo docente. 3. A implementación na aula das tecnoloxías dixitais é favorable. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escaso intercambio de experiencias entre o persoal docente. 2. Non se empregan prácticas de avaliación facilitadas pola tecnoloxía centradas no alumnado, personalizadas e auténticas.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. A implicación e colaboración do alumnado nas actividades nas que se empregan as tecnoloxías dixitais é favorable. 2. O alumnado amosa un conxunto de habilidades, coñecementos e actitudes que lles permite un uso creativo e crítico das TICS. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alumnado non está afeito a un uso educativo das tecnoloxías dixitais.
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. A maioría das familias dispoñen de acceso a internet e medios dixitais nos fogares. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen casos minoritarios de familias que non teñen acceso a medios dixitais ou a internet.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas (ciclos, niveis). diferentes etapas do centro. 3. Suficiente comunicación interna e externa. 4. Se promove polo equipo directivo o uso das tecnoloxías dixitais con fins de avaliación 5. O equipo directivo promove o emprego de software libre no ámbito educativo 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ausencia dunha estratexia dixital de centro. 2. Inexistencia de estratexias de comunicación con outros centros educativos.
EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
EGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Resolución de incidencias técnicas por parte de Amtega. 2. Utilización de plataformas dixitais promovidas pola 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Os docentes non dispoñen de tempo durante a xornada lectiva que lles permita explorar novas modalidades de ensino.

	administración.	2. Excesiva burocracia que impide que os docentes empreguen ese tempo en formación, creación de recursos...
LEXISLACIÓN		1. A Lei de Protección de datos non favorece a realización de determinadas actividades empregando medios dixitais.
CONTORNA	1. Ao tratarse dun centro urbano, a conexión a internet é aceptable.	
ANPA		
OUTRAS ENTIDADES	1. Existencia de espazos para compartir recursos educativos dixitais.	1. Inexistencia de estratexias de comunicación con outros centros educativos.

3. Plan de Acción

O plan de acción está encamiñado a consolidar no centro as incorporacións tecnolóxicas que se comezaron a levar a cabo en anos anteriores con respecto a:

- ✓ Comunicación coas familias a través de Abalar Móbil.
- ✓ Visita virtual para coñecer o centro.
- ✓ Emprego da aula virtual coma complemento a formación presencial.
- ✓ Utilización dos ordenadores portátiles que están a disposición do alumnado que o precise.

O Plan Dixital para o vindeiro curso 2022/2023 está vertebrado en base a uns obxectivos elaborados seguindo os criterios SMART: son específicos, medibles, alcanzables, relevantes e teñen unha temporalización determinada. Partindo de todos estes criterios, os obxectivos do Plan de Acción do Plan dixital do CEIP Ramón de la Sagra son os indicados a continuación.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1:	Iniciar sesión na aula virtual do centro por parte de todo o alumnado do CEIP.				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC e titores dos diferentes grupos.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de alumnado que iniciou sesión na aula virtual.					
Valor de partida:	0%					
Valor previsto e data:	75% do alumnado iniciou sesión na aula virtual do centro.			Primeiros de outubro de 2022.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Preparar a aula virtual do centro para que todo o profesorado poida acceder.	Coordinador TIC e titores dos diferentes grupos	Primeiros de outubro de 2022.	Acceso a internet e un equipo informático actualizado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Matricular a todo o alumnado do centro.	Coordinador TIC	Primeiros de outubro de 2022.	Acceso a internet e un equipo informático actualizado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Comunicar usuarios e contrasinais ás familias.	Titores dos diferentes grupos.	Primeiros de outubro de 2022.	Usuarios e contrasinais dos alumnados e canle de comunicación coas familias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 2:	Realizar unha formación presencial sobre o uso da aula virtual para todo o profesorado.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de asistencia á formación.					
Valor de partida:	0%					
Valor previsto e data:	Asistencia do 100% do profesorado á formación.			Primeiro trimestre do curso 2022/2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Atopar formador e establecer datas para a formación consensuadas co profesorado.	Equipo directivo.	Primeiro trimestre do curso 2022/2023.	Formador que acuda ao centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Reunir os recursos precisos para levar a cabo a formación.	Equipo directivo e coordinador TIC.	Primeiro trimestre do curso 2022/2023.	Equipos informáticos, pantallas e proxectores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 3:	Realizar unha formación presencial sobre o uso das ferramentas Abalar Móbil e Abalar Pro.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e Equipo TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de asistencia á formación.					
Valor de partida:	0%					
Valor previsto e data:	Asistencia do 100% do profesorado á formación.			Primeiro trimestre do curso 2022/2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Atopar formador e establecer datas para a formación consensuadas co profesorado.	Equipo directivo.	Primeiro trimestre do curso 2022/2023.	Formador que acuda ao centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Reunir os recursos precisos para levar a cabo a formación.	Equipo directivo e coordinador TIC.	Primeiro trimestre do curso 2022/2023.	Equipos informáticos, pantallas e proxectores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 4:	Unir a aula de informática á Biblioteca do centro e actualización dalgúns equipos (tablets).				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Traslado do 100% dos equipos á aula adxacente á Biblioteca do centro.					
Valor de partida:	0% (equipos nunha aula doutro andar)					
Valor previsto e data:	100% dos equipos trasladados e postos en marcha na ula adxacente á Biblioteca.			Inicio da actividade lectiva do curso 2022/2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO
A01.1: Traslado dos equipos informáticos á nova localización.	Equipo directivo.	Inicio da actividade lectiva do curso 2022/2023.	Non se contemplan.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Busca de técnico que os poña en marcha.	Equipo directivo.	Inicio da actividade lectiva do curso 2022/2023.	Técnico que poña en marcha os equipos na nova localización.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Adquisición de novas tablets para substituír as que están obsoletas.	Equipo directivo.	Inicio da actividade lectiva do curso 2022/2023.	Non se contemplan.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

3.2.1 Con respecto a infraestructura dixital.

INFRAESTRUCTURA DE DATOS:

Aumento da velocidade de rede

CONEXIÓN DE REDE E REDE SEN FÍOS:

Actualmente a cobertura WIFI do centro todo o centro pero con continuos cortes o pérdidas de sinal. Na maioría das aulas non se pode traballar de forma continua debido a este problema de rede.

3.2.1 Con respecto ao equipamento.

DISPOSITIVOS TECNOLÓXICOS: Contamos cun reducido número de ordenadores portátiles e de tabletas para o numeroso alumnado do centro. Así mesmo, moitos deles están obsoletos.

AULAS DIXITALIZADAS: O centro conta cun aula Tic que dispón dun encerado dixital interactivo e dun carro de carga con 9 ordenadores portátiles, sendo un centro de máis de 400 alumnos e alumnas.

DESPACHOS EQUIPO DIRECTIVO E ADMINISTRACIÓN: Contan con 3 ordenadores de sobremesa e un portátil.

BIBLIOTECA DO CENTRO: Actualmente dispón dun ordenador de sobremesa, un portátil conectado a un proxector e 4 portátiles a disposición do alumnado do centro. A biblioteca conta cun lector de códigos de barras para realizar as funcións de rexistro e préstamo/devolución. Precisaríanse máis ordenadores para consulta.

AULA DE TICs: É preciso levar a cabo unha modernización dalgúns dos equipos de sobremesa desta aula xa que están obsoletos.

EQUIPOS ULTRAPORTÁTILES PARA ALUMNADO EN RISCO DE FENDA DIXITAL: Actualmente estes equipos non teñen unha función determinado, polo que será preciso especificar o seu uso.

EQUIPOS PARA USO DE SALA DE PROFESORADO E DEPARTAMENTOS: A sala de profesorado ten 5 equipos para uso do profesorado, sendo insuficientes para o traballo diario do profesorado. É preciso aumentar a dotación, como mínimo en dous equipos máis e proceder a mellora dos actuais cun aumento de memoria RAM.

En canto á etapa de educación infantil, as aulas non contan con encerados dixitais, agás na aula de xogos, no que hai un encerado dixital interactivo que non funciona correctamente. Sería preciso aumentar o número de encerados ou adquirir pantallas táctiles integradas.

3.2.3 Con respecto aos servizos dixitais educativos.

Actualmente o centro emprega a aula virtual de Moodle, a web drupal (web do centro) e abalar móbil. O uso destes servizos atópase na seguinte situación:

- a) Aula virtual do centro: 70% do profesorado de Educación Primaria e 0% do profesorado de Educación Infantil.
- b) Páxina web do centro. Uso e xestión por parte do equipo directivo. Actualización de novas, documentos do centro, galerías, espazos para equipos de coordinación docente...
- c) Abalar Móbil. Actualmente emprégase no 80% do profesorado de Educación Infantil e Primaria.
- d) Redes sociais xestionadas polo Equipo TIC do centro.

As propostas de mellora para o curso 2022/2023 dentro destes medios serán:

1. Iniciar sesión na aula virtual do centro por parte de todo o alumnado do CEIP.
2. Realizar unha formación presencial sobre o uso da aula virtual para todo o profesorado.
3. Realizar unha formación presencial sobre o uso das ferramentas Abalar Móbil e Abalar Pro.
4. Realizar unha formación presencial sobre o uso das ferramentas Abalar Móbil e Abalar Pro.
5. Lograr a actualización dalgúns equipos dixitais, así como a dotación de pantallas interactivas nas aulas onde non existan encerados dixitais.

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento.

Para levar a cabo a avaliación do plan empregaremos unha escala de valoración. Esta consistirá nunha táboa na que teremos que puntuar do 1 ao 4 o grao de adquisición dos obxectivos propostos en cada trimestre

Así mesmo, realizaremos unha avaliación final na que se decidirá se os obxectivos están acadados ou non, tal e como aparece nas táboas de obxectivos do plan de acción do Plan Dixital.

AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DO PLAN POR TRIMESTRES

1º TRIMESTRE				2º TRIMESTRE				3º TRIMESTRE						
OBXECTIVO 1	1	2	3	4	OBXECTIVO 1	1	2	3	4	OBXECTIVO 1	1	2	3	4

1º TRIMESTRE				2º TRIMESTRE				3º TRIMESTRE						
OBXECTIVO 2	1	2	3	4	OBXECTIVO 2	1	2	3	4	OBXECTIVO 2	1	2	3	4

1º TRIMESTRE				2º TRIMESTRE				3º TRIMESTRE						
OBXECTIVO 3	1	2	3	4	OBXECTIVO 3	1	2	3	4	OBXECTIVO 3	1	2	3	4

1º TRIMESTRE					2º TRIMESTRE					3º TRIMESTRE				
OBXECTIVO 4	1	2	3	4	OBXECTIVO 4	1	2	3	4	OBXECTIVO 4	1	2	3	4

5. Difusión do plan

Para levar a cabo a difusión do Plan Dixital, teremos en conta as ferramentas institucionais dispoñibles, tales como a páxina web do centro, abalar móbil e as redes sociais.

1. PRIMEIRA FASE

DESTINATARIOS	Difusión entre o profesorado.
MEDIO	A través do correo corporativo <i>edu.xunta.gal</i> e de reunións co claustro de mestras e mestres.
PRAZOS	1ª semana de setembro do curso 2022/2023

2. SEGUNDA FASE

DESTINATARIOS	Difusión entre as familias do alumnado do centro.
MEDIO	A través da páxina web do centro.
PRAZOS	2ª semana do mes de setembro do curso 2022/2023

3. TERCEIRA FASE

DESTINATARIO	Toda a comunidade educativa.
MEDIO	Abalar Móbil e a web do centro. Así mesmo, as novidades relacionadas co Plan Dixital serán publicadas nas redes sociais do centro.
PRAZOS	Mesde setembro e durante todo o curso.